



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FUNDACIÓN BANCARIA “LA CAIXA” PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE REXENERACIÓN DAS ÁREAS NATURAIS AFECTADAS POLOS INCENDIOS NO PARQUE NATURAL DA BAIXA LIMIA-SERRA DO XURÉS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

(1) Esta Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é o órgano da Administración Autonómica que ten atribuído a competencia en materia de conservación da natureza, de conformidade co establecido no Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a labor de preservación dos valores naturais e paisaxísticos co fin de conseguir uns sistemas ecoloxicamente máis valiosos e estables fronte ás presións e agresións externas ás que poidan estar sometidos, levar a cabo unha planificación activa dos espazos naturais os cais están incluídos na Rede Natura 2000 ou outras redes ecolóxicas de protección o figuras similares, así como promover o desenvolvemento sostible e a súa incidencia no benestar da poboación.

(2) Antecedentes: A Fundación Bancaria “la Caixa” promove a mellora da calidade de vida das persoas mediante o impulso social, ambiental e cultural coa finalidade de lograr un desenvolvemento humano sostible e, con este obxectivo, realiza accións dirixidas á investigación e á promoción social dos colectivos de persoas desfavorecidas. Neste sentido Fundación Bancaria “la Caixa” desenvolve programas de fomento da investigación e o coñecemento, científicos, ambientais, culturais e educativos cunha vocación transformadora ademais de promover o achegamento da ciencia e o proceso de investigación á cidadanía.

Dende o ano 2006 ambas institucións aúnan intereses privados e públicos que se materializan en colaboracións desde tres eixes: o cultural, o social e o ambiental.

Esta colaboración forma parte do obxectivo de seguir poñendo en valor o patrimonio natural dos espazos protexidos de Galicia e a millora da calidade de vida.

(3) Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar con Fundación Bancaria “la Caixa” o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata un ano dende a súa sinatura.

(4) O convenio ten por obxecto establecer as condicións para a execución de proxectos e actuacións xestionados pola CMAOT para o desenvolvemento de actuacións de rexeneración das áreas naturais afectadas polos incendios no Parque Natural de Baixa Limia-Serra do Xurés na Comunidade Autónoma de Galicia.

A sinatura deste convenio non comporta obrigas económicas para a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase na existencia de obxectivos coincidentes e o interese recíproco entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Fundación Bancaria “la Caixa”.





(6) Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Natural

Ana M^a Díaz López

